



CAMPO DE VOLUNTARIADO "VILARBÓ" (AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ-A CORUÑA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PAZAS
15-26/07/2025	18-30	Internacional	Medioambiental	15

LOCALIZACIÓN

Vilarbó é unha área natural no concello das Pontes de García Rodríguez, situada na cola do encoro da Ribeira, no río Eume. A área de Vilarbó está preto do Parque Natural das Fragas do Eume e comparte con el a súa riqueza en canto a flora, fauna e patrimonio material e inmaterial.

En Vilarbó abundan os castaños, os carballos, os bidueiros, abeleiras e a vexetación típica de ribeira, os amieiros e os salgueiros. Vilarbó é moi rico en diversas especies de mamíferos como a marta, o xabaril ou os corzos; tamén abundan aves, xa sexan rapaces coma o ratoeiro ou o moucho, ou doutro tipo como as pegas, os pimpíns e, incluso, aves acuáticas como os patos. É numerosa a presenza de réptiles e anfibios, entre os cales cabe destacar a píntega rabilonga, un anfibio endémico de Galicia.

DESCRIPCIÓN DO CAMPO

O obxectivo deste campo de voluntariado é a custodia do territorio mediante a conservación e a recuperación das fragas e o bosque de ribeira na contorna do río Eume e a divulgación das Fragas Atlánticas de Vilarbó, para que xeracións presentes e futuras poidan gozar da súa paisaxe e biodiversidade.



O plan de traballo consistirá en:

- Plantación e reforestación con árbores autóctonas, rega de árbores e coidado das plantadas noutras edicións.
- Limpeza das beiras do río Eume e da fraga.
- Construción de hoteis para abellas solitarias co obxectivo de concienciar e contribuír ao importantísimo labor de polinización.
- Colocación de caixas niño para paxaros e morcegos e acondicionamento das existentes.
- Inventario de especies animais e vexetais.

- Mantemento do propio campo (limpeza dos arredores da zona de acampada e edificios).

NOTA: este campo non dispón de accesos para persoas con discapacidades físicas.



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

As actividades complementarias están encamiñadas a coñecer a contorna na que se leva a cabo o campo e a cultura galega:

- Excursións: zona vella das Pontes e arredores, visita aos cantís máis altos da Europa continental e ao santuario de Santo André de Teixido, ao castro de Viladonga, a Cedeira e a outras vilas mariñeiras e praias da contorna.
- Praia no lago das Pontes.
- Deportivas: tiro con arco, *paintball*, volei, actividades de canoa e xogos acuáticos no encoro.
- Ambientais: obradoiros de artesanía e de medio ambiente e actividades de animación.

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

As persoas participantes aloxaranse en bungalows e durmirán en liteiras, nas instalacións permanentes emprazadas en Vilarbó.

INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

Dende as 16:00 horas do primeiro día, diante do edificio da Policía Local do concello das Pontes (Rúa Juan Antonio Suanzes, núm. 12).



COMO CHEGAR

Pódese chegar ás Pontes por estrada vía Lugo, A Coruña ou Santiago de Compostela con www.arriva.gal.

A estación de ferrocarril máis próxima ás Pontes atópase en Pontedeume. Dende alí, a conexión coas Pontes por estrada con www.arriva.gal.

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa, familia acolledora ou familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

a) Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.

b) Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada.

c) Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.

d) Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.

EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo e toalla de ducha.
- Saco de durmir, esteira e mochila para rutas.
- Calzado cómodo para montaña e calzado deportivo.
- Roupas: de deporte (suadoiros), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas), de abrigo (roupa idónea para poder realizar o traballo no caso de choiva ou frío), de auga (chubasqueiro), de traballo (guantes, gorro, calzado cómodo, botas de montaña...)

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude:
camposdevoluntariado.xuventude@xunta.gal

INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude.